

**BASES:** A A.VV. CEIBE e o Padroado da Cultura do Concello de Narón convocan o I Concurso de Pintura Cidade de Narón, dirixido aos veciños de Narón e os municipios da comarca.

Haberá dúas categorías:  
Infantil/Xuvenil (ata 16 anos)  
Adultos (a partires dos 17 anos)

A obra será orixinal, podéndose presentar unha obra por autor.

Non se poderán presentar obras premiadas noutros certames.

A temática será libre.

A técnica e estilo serán libres.

Os cadros poderán estar enmarcados ou como mínimo deberán estar protexidos con listón e acondicionados para a súa exposición.

As medidas serán dun máximo de 80x80 cm.

A obras presentaranse sen firma, acompañadas dun sobre pechado onde constarán os seguintes datos:

Nome e apelidos do autor  
Dirección, teléfono e e-mail.  
Título do cadro, data de execución e técnica.  
Fotocopia do DNI (por ambas caras)

As obras presentadas serán seleccionadas por un xurado, pasarán a fase final do concurso e serán expostas. Farase entrega dun diploma acreditativo a todos os seleccionados para a fase final. Exporanse un máximo de 40 obras, podendo ser ampliado o número polo xurado.

As obras serán depositadas no local da A.VV. Ceibe, de San Xiao, ubicado no lugar da A Igrexa s/n (15578 - San Xiao, Narón) dende o día 2/6/08 ata o 16/6/08 en horario de 19 a 21 horas.

A exposición das obras finalistas será dende o día 20/6/08 ata o día

22/ 6/08 en horario de 17 a 21 horas todos os días; e ademais de 12 a 14 horas sábados e domingos.

A entrega de premios terá lugar o día 22/6/08 ás 20 horas no local de la A.VV. Ceibe San Xiao.

A retiradas das obras farase o día da entrega de premios, unha vez clausurado o Concurso.

A A.VV. Ceibe poñerá o máximo interese no coidado das obras, non obstante, non se responsabiliza dos danos ou roubo das mesmas.

O Xurado o estará composto por un membro da directiva da A.VV. Ceibe, un representante un municipal, unha ou varias persoas vinculadas co mundo da pintura e actuando como secretario ó da A.VV. Ceibe.

A composición do xurado darase a coñecer ó comezo da fase de selección.

O ditame do xurado será inapelábel.

Establécense os seguintes premios:

Infantil/xuvenil  
1º premio: material de pintura  
2º premio: material de pintura  
3º premio: material de pintura

Adultos  
1º premio: 500 Euros  
2º premio: 300 Euros  
3º premio: 200 Euros

Premio especial Francisco Criado:  
(incompatible con outros premios)  
100 Euros

Os concursantes, polo feito de concursar, aceptan as bases do concurso.

Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN**

NOME E APELIDOS

.....

ENDEREZO

.....

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

.....

.....

e-mail

Nº DE TELÉFONO

.....

.....

**ENTREGA DE OBRA:**

**DO 2 ao 16 de xuño de 2008  
no local da A.VV. Ceibe  
(San Xiao)  
Narón**

# I premio de pintura Cidade de Narón

